



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Escusan asistencia	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.
Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.

2.1.-Instancia núm. 201700000001376 de dona Tania López Otero e don Francisco Javier Sampaño Costa.(Expediente núm. 2017/U022/000027)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicitan licenza para obras de construcción de vivenda unifamiliar en Trasariz – San Fins de Sales (Expediente núm.: 2017/U022/000027), emprazada en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta. Núm. plantas: planta baixa; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto achegado, redactado polo arquitecto don Eugenio Torreira País, e sendo don Carlos Uzal Cabanas o Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde.

O orzamento de execución material ascende á cantidade de 76.300,00 euros e cumple, dende o punto de vista técnico, o Plan Xeral vixente do concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090D50200139.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto achegado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga, de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamiento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das alíñacions respecto dos viais.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que o vial. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel có vial e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima de 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 01, de 209,00 m² e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión e estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos vinte e seis euros (#1.526,00#)

2.2.- Instancia núm. 201700000001526 de don Simón Fandiño Fernández. (Expediente núm.: 2017/U022/0000339)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de substitución de cuberta en vivenda situada en Outeiro –Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2017/U022/0000339), emprazada en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos termos do proxecto técnico achegado, redactado polo arquitecto D. Jorge Vales Fernández, e cun orzamento de 9.882,59 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001802600NH43F.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme ao proxecto técnico achegado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e sete euros con sesenta e cinco céntimos (#197,65#)

2.3.- Comunicación previa de obra de don José A. Albela Albela. (Expediente núm. 2017/U026/000052)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Ángel Albela Albela para acondicionamento de parcela nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don José Manuel Diego Durán, en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre dunha parcela emprazada en Cimadevila, 27 – San Miguel de Sarandón, en solo cualificado polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Rústico de Protección Agropecuaria (R-2), cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, así coma do informe emitido polos Servizos Técnicos, debendo axustarse ao contido do proxecto e utilizar, dentro do posible, especies autóctonas e non abusar de elementos efectistas coma a parella de cipreses que figuran na esquina SO da parcela.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e dous euros (#152,00#).

2.4.- Instancia núm. 20170000000310 de Unión Fenosa Distribución, SA. (Expediente núm. 2017/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia na que don José A. Fernández Amaro en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, solicita licenza para obras de rede subterránea de baixa tensión e acometida en Ximonde (San Miguel de Sarandón) (expediente núm.: 2017/U022/000007), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel A. Bernal López, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 19/6/20174 (Expte.: 698/17), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM. Dáse conta tamén da autorización para a realización do control arqueolóxico das mencionadas obras (Expte.: ED 102A 2017/614-0).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada e dando cumprimento ao contido da autorización emitida polo Servizo de Patrimonio Cultural.



3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil oitocentos doce euros con setenta e sete céntimos (#1.812,77#)

3º.- Aprobación, se procede, de plans especiais.

3.1.- Aprobación provisional do Plan Especial de Protección do PE-1, núcleo de Ponte Ulla.

Téndose redactado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto, o proxecto do Plan Especial de Protección do PE-1, núcleo de Ponte Ulla, que afecta ao ámbito de solo previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, na parroquia de Ponte Ulla, cualificado como solo urbano.

Visto o informe de Secretaría, de data 18 de novembro de 2010, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Vista a decisión do 22 de febreiro de 2011, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratégica do mencionado plan especial, e visto o contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais de data 18 de outubro de 2013.

Vistos o contido dos informes sectoriais previos emitidos polo Ministerio de Fomento, en canto titular da N-525; Servizo Provincial de Estradas da Xunta de Galicia, en canto que titular da AC-241; e da Dirección Xeral de Montes.

Logo de que con data do 23 de outubro de 2013 se apróbase inicialmente, polo Pleno da corporación, o mencionado plan especial.

Logo de requiridos os informes sectoriais de Patrimonio Cultural, Augas de Galicia e Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Logo de que se notificase o acordo de aprobación inicial aos titulares catastrais incluídos no ámbito do mencionado plan especial.

Logo de que no DOG número 229, de data 29 de novembro de 2013, saíse publicado o anuncio de exposición ao público; así coma nos xornais El Correo Gallego, do 13 de novembro de 2013, e La Voz de Galicia, do 14 de novembro de 2013, téndose achegado as alegacións que figuran na certificación emitida por Secretaría con data do 4 de febreiro de 2014.

Logo de recibidos os informes sectoriais de: Instituto Galego da Vivenda e Solo (RXE deste concello 705/2014), Augas de Galicia (RXE deste concello 1188/2014) e Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (RXE deste concello 1583/2017).

Logo de emitidos os informes técnico e xurídico e de conformidade cos artigos 75 e seguintes da Lei 2/2016, do solo de Galicia, na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

A Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar, polos motivos expresados no informe técnico de data 23 de novembro de 2017, as seguintes alegacións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Número 1, achegada por Ramiro T. Casal Ríos. RXE número 195/2013.
Número 2, achegada por M^a Concepción Casal Ríos. RXE número 196/2013.
Número 4, achegada por Elena Méndez Neira. RXE número 52/2014.
Número 5, achegada por Manuel González Pazos. RXE número 53/2014.
Número 8, achegada por M^a Carmen Veloso Neira. RXE número 91/2014.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente polos motivos expresados no informe técnico de data 23 de novembro de 2013, as seguintes alegacións:

Número 3, achegada por M^a Carmen Corral Cano. RXE número 287/2013.

Número 6, achegada por Ramiro T. Casal Ríos. RXE número 67/2014.

Número 7, achegada por Pilar Ríos Canabal. RXE número 68/2014.

Estimar na súa totalidade a seguinte alegación:

Número 9, achegada por Waldo Rodríguez Campos. RXE número 100/2014.

TERCEIRO.- Aprobar PROVISIONALMENTE o proxecto do Plan Especial de Protección do PE-1 Núcleo de Ponte Ulla, que afecta ao ámbito delimitado polo vixente PXOM na parroquia de Ponte Ulla e cualificado como solo urbano nos termos do expediente tramitado e da documentación técnica.

CUARTO.- Remitir ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo o expediente e proxecto de cara a emisión do informe preceptivo e previo á aprobación definitiva.

3.2.- Aprobación provisional Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao).

Dáse conta da proposta presentada por don Manuel Louzao Rivadulla para a aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, nos termos do proxecto achegado asinado por dona Ana Isabel Piñeiro Esperante e don Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos.

Logo da decisión de data 11 de decembro de 2014 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento do mencionado plan á avaliación ambiental estratéxica (Expte.: 2014AAE1748), por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de outubro de 2015, foi aprobado inicialmente.

Logo de realizada a tramitación prevista regulamentariamente o expediente completo foi remitido ao órgano autonómico competente para emisión de informe previo á aprobación definitiva, que requirió a achega de documentación adicional.

Logo do último requerimento do Servizo de Urbanismo, de data 24 de setembro de 2017, e unha vez realizadas as correccións requiridas, achegándose polo promotor, con data do 15 de novembro de 2017, proxecto técnico modificado, e á vista dos informes técnico e xurídico.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto na Disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, acorda



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



PRIMEIRO. Aprobar PROVISIONALMENTE o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, promovido por Manuel Louzao Ribadulla, nos termos do proxecto achegado asinado por Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doperto Framil, en calidade de arquitectos, coas modificacións resultantes dos informes emitidos.

SEGUNDO.- Remitir á consellería competente en materia de urbanismo o expediente e proxectos de cara a que se emita o informe preceptivo e vinculante que establece a lexislación urbanística.

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións a entidades deportivas do Concello para o exercicio 2017.

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda concederlle ás entidades deportivas do Concello ás seguintes subvencións , con cargo á partida 341-48000:

*C.D. SAN MAMEDE: 4.000,00

*ED RIBADULLA: 3.487,00

*U.D. VAL DO ULLA: 512,00

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
10/2017	30/10/2017	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal para impartir clases de música en Santa Cruz no mes outubro/2017, segundo convenio
A-438	02/11/2017	484,00	Barreiro García José Carlos - Servides	Servizo de desratización prestado nas parroquias de San Xián e Santa Cruz o día 08/09/2017
2875	31/10/2017	2.625,70	Asvetrans, S.L.	Servizo de transporte de materiais prestado en outubro/2017 para as obras de reforma do campo de fútbol de Vedra
Ticket núm. 46	09/11/2017	10,50	Carrillo Domínguez Severo	Bombóns mercados como agasallo para centenaria
920	31/10/2017	1.320,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de dous autocares prestado o día 21/09/2017 para viaxe da Terceira Idade ás Médulas, con achegas dos participantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



919	31/10/2017	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o día 09/10/2017 para viaxe da Terceira Idade ás Termas de Outariz, con achegas dos participantes
53140094580566	10/11/2017	355,74	Siemens Renting, S.A.	Arrendamento das máquinas fotocopiadoras-impresoras período 12/11/2017-11/12/2017
923	10/11/2017	495,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 29/10/2017 para os participantes na saída micolóxica organizada polo Concello
94-17	13/11/2017	60,50	Vidal Castiñeira Mari Carmen - Procuradora de los Tribunales	Servizos de procurador prestados no recurso de suplicación 1482/17 tramitado na sección 1ª do TSX
170011	13/11/2017	67,01	Isla Arjones Jesús	Produtos farmacéuticos subministrados no mes de xullo para o Campo de Traballo 2017
IN04803250	10/11/2017	159,00	Bebitus Retail, S.L.U.	Vaixelas de bebés subministradas en novembro/2017 para agasallos dos nacementos no concello de Vedra
V 01-10-2017 590	31/10/2017	5.343,82	Ana Naya García, S.L.	Cota do concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal mes outubro/2017
GAL0027717F00017	14/11/2017	3.450,00	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Realización dos traballos de control analítico da auga adxudicados por Resolución da Alcaldía núm. 35/2017
69	31/10/2017	2.562,78	Camino Bouzón Miguel Ángel	Subministro e colocación de bomba e outros traballos realizados no sistema de calefacción do CPI de Vedra en outubro/2017
1 000931	13/11/2017	1.516,13	Ferliño, S.L.	Convertedor eléctrico, cubo grúa e arranques pranchas subministrados en novembro/2017 para uso da brigada de obras
A17/424	15/11/2017	24,20	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Subministro en novembro/2017 dunha lona impresa coa lenda "Viveiro de Empresas"
313	15/11/2017	1.064,80	Caneda Fernández Manuel (Maderas)	Traballos de corta e limpeza en Sarandón-San Miguel de Sarandón
Recibo 01	02/11/2017	19,89	Ayuntamiento de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 3T/2017 (contador 1290023526, da marxe esquerda da N-525)
GAL0027717F00019	15/11/2017	6.046,13	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia,	Subministro e instalación de equipos (sopradores e cinta transportadora) na EDAR de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			S.A.U.	Ponte Ulla (segundo R.A. 114/2017)
A10010894544-1117	01/11/2017	324,47	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 01/10/2017 ao 31/10/2017
FV-17+00787	31/10/2017	15,28	Indusal Rías Altas, SA	Servizo de roupa de cama prestado en outubro para participantes no programa de promoción turística Espazo Activo 2017
448	14/11/2017	1.636,53	Mobraferr, s.l.u.	Taboleiros, garras e pasadores subministrados en novembro/2017 para uso nas obras da brigada municipal
17/000226	05/11/2017	132,37	M.C. Mapoca, S.L.	Cemento, tubos e variñas para obra na vía pública en Corbeixe-San Mamede subministrados en outubro/2017
17/000227	05/11/2017	31,34	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en outubro/2017 para curso de restauración de mobles organizado polo Concello
17/000228	05/11/2017	153,13	M.C. Mapoca, S.L.	Tapas e tubos de formigón, variñas, cemento e outros para obras na vía pública en S.Xián e S.Mamede servidos en out/2017
17/000229	05/11/2017	87,42	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en outubro/2017 para traballos de mantemento do centro de saúde
17/000230	05/11/2017	544,98	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en outubro/2017 para a obra de reforzo do local do campo da festa de Trobe
TA5S60015162	19/11/2017	21,97	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax no departamento de servizos sociais (cotas de novembro/2017)
TA5S60015168	19/11/2017	23,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na escola de música de Santa Cruz (cotas de novembro/2017)
TA5S60015169	19/11/2017	23,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na oficina de turismo de Vilanova (cotas de novembro/2017)
TA5S60025312	19/11/2017	18,53	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico liña 981814695 na casa consistorial (cotas e voz liña individual mes novembro/2017)
TA5S60015164	19/11/2017	17,81	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas mes de novembro/2017 e tráfico mes de outubro/2017)
TA5S60015170	19/11/2017	34,99	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico na casa da Terceira Idade (cotas de novembro/2017 e tráfico de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



				outubro/2017)
TA5S60025311	19/11/2017	31,99	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico liña 981503138 na casa consistorial (cotas mes nov/2017 e voz liña individual período 06/10/2017-30/11/2017)
TA5S60015172	19/11/2017	87,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico no salón de plenos da casa consistorial (cotas de novembro/2017)
TA5S60015171	19/11/2017	53,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas mes novembro/2017)
TA5S60015173	19/11/2017	89,06	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo telefónico liña 981814698 na casa consistorial (cotas mes novembro/2017)
B-655	17/11/2017	19,20	Ferretería Boel, S.L.	Catro copias de chave de seguridade da casa de Cultura de Santa Cruz feitas o 17/11/2017
A-003075	17/11/2017	142,40	Paperstore S.L.	Material de oficina diverso subministrado en novembro/2017
A/20.049	15/11/2017	1.029,79	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado en novembro/2017 para obras derivadas da ampliación da estrada de San Miguel de Sarandón
R 7.783	15/11/2017	130,68	Teais, S.A.	Subministro dun saco do producto Teais Eco Serrín realizado o 09/11/2017
1767/2017	20/11/2017	24,03	Ortigueira S.A.	Entradas da visita dos participantes no proxecto YouthNest.crea.Erasmus+ ao Pazo de Ortigueira
10 Facturas	15/11/2017	154,00	Acredores diversos	Facturas de Café Quenllas e Café Victoria por bebidas e comidas dos participantes no programa Erasmus+Incubadora 2017
11849	20/11/2017	552,00	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	Comida dos participantes na excursión da Terceira Idade do 20/11/2017 ás Termas de Outariz (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
2017-127	20/11/2017	215,60	Ibernisha, S.L.	Circuítos termais dos participantes na excursión da Terceira Idade do 20/11/2017 ás Termas de Outariz (gasto sufragado coas achegas dos participantes)
6837007455	16/11/2017	15,00	El Corte Inglés, S.A. (ECI)	Materiais mercados para xogos de mesa da Terceira Idade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



E17/00373	31/10/2017	35.456,01	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar para a dependencia mes outubro/2017 (horas laborables e festivas)
E17/00375	31/10/2017	1.009,28	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar mes outubro/2017 (horas de libre concorrencia)
E17/00374	31/10/2017	4.151,86	Atendo Calidade, S.L.	Servizo de axuda no fogar mes outubro/2017 (horas de libre concorrencia de valorados como dependentes)
Emit- 135	22/11/2017	9.005,18	Xestedec Comunicación	Instalacións audiovisuais (proxección e megafonía) realizadas no centro sociocultural Santa Eulalia de Vedra, na casa de cultura de Santa Cruz e na casa de cultura de San Xián (financiadas por convenio coa Xunta de Galicia-Consellería de Cultura)
Emit-17 679	22/11/2017	2.818,79	CYE Control y Estudios, S.L.	Control externo de calidade da obra de reforma do campo de fútbol de Vedra (R.A. 409/2017)
37 6889	09/11/2017	639,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C subministrado o 09/11/2017 para a calefacción da casa da Terceira Idade
A 2017/A/32	24/11/2017	1.996,50	Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais, S. Coop. Galega	Proxecto "Vedra, unha historia visual" (25% da adxudicación realizada por RA 223/2016 para os exercicios 2016/2017)
01 106	23/11/2017	6.098,75	Carmela Rendo, S.L.U.	Equipamento téxtil realizado no centro sociocultural Santa Eulalia de Vedra, na casa de cultura de Santa Cruz e na casa de cultura de San Xián (financiado por convenio coa Xunta de Galicia-Consellería de Cultura)
A 220	23/11/2017	6.098,40	García Sarandón, S.L.U.	Mobiliario (andamio galitop e cadeiras) subministrado no centro sociocultural Santa Eulalia de Vedra, na casa de cultura de Santa Cruz e na casa de cultura de San Xián (financiado por convenio coa Xunta de Galicia-Consellería de Cultura)
EMIT 40	23/11/2017	9.733,97	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Instalacións eléctricas realizadas no centro sociocultural Santa Eulalia de Vedra, na casa de cultura de Santa Cruz e na casa de cultura de San Xián (financiadas por convenio coa Xunta de Galicia-Consellería de Cultura)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



118	11/11/2017	66,00	Barreiro Guerra Manuel (Casa Barreiro)	Premio do gañador do sorteo do programa de promoción turística Vedra de Tapas 2017 (aplicación móvil)
17000 145	22/11/2017	36,30	Sirtelco, S.L.	Renovación do dominio concellodevedra.es (período 24/07/2017-23/07/2018)
FC9889-41	07/11/2017	30,56	Nuñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Materiais de limpeza e aseo subministrados o 23/03/2017
FC9889-46	27/11/2017	264,20	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Materiais de limpeza e aseo subministrados do 26/09/2017 ao 30/10/2017
A 26	27/11/2017	225,95	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Materiais e produtos diversos subministrados desde xullo/2017 para albergue, escola San Fins, ludoteca, servizos de limpeza e outros
17000 147	22/11/2017	825,83	Sirtelco, S.L.	Servidor dedicado ao Concello e mantemento servidor de correo concellodevedra.com (meses maio-novembro/2017)
17000 152	27/11/2017	211,03	Sirtelco, S.L.	Monitor LG subministrado para o departamento de urbanismo en agosto/2017
17000 153	27/11/2017	47,07	Sirtelco, S.L.	Logitech HD webcam subministrada en agosto/2017 para o salón de plenos
17000 154	27/11/2017	649,40	Sirtelco, S.L.	Ordenador e smartphone subministrados en agosto/2017 para a páxina web municipal e redes sociais
17000 155	27/11/2017	123,78	Sirtelco, S.L.	Tablet subministrada en outubro/2017 para o servizo municipal de Novas
17000 156	27/11/2017	369,35	Sirtelco, S.L.	Asistencias técnicas prestadas nas datas 19/05/2017 e 07/07/2017
17000 157	27/11/2017	106,48	Sirtelco, S.L.	Mantemento do dominio concellodevedra.gal (período de 02-12-2017 a 02-12-2018)
AEU-INV-ES-2017-31360738	26/10/2017	19,95	Acredores diversos	Fra. de Amazon EU España por subscrición do servizo Amazon Prime
NE5TY0000058	25/11/2017	-11,69	Telefónica de España, S.A.U.	Abono/Ref.Factura: 981814695 - Período regular de cotas (01 Dec. a 31 Dec. 17). Período tráfico (01 Nov. a 30 Nov. 17)
NE5TY0000059	25/11/2017	-12,75	Telefónica de España, S.A.U.	Abono/Ref.Factura: 981814698 - Período regular cotas (01 Dec. a 31 Dec. 17) Voz-Línea individual (09 Nov. a 30 Nov. 17)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Liquidación		356,25	Vázquez Martínez Enrique	Xornadas de traballo polas xestións da Concellaría de Medio Ambiente, Cultura, Xuventude e Voluntariado realizadas durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2017
Liquidación		98,84	Sanmartín Carrera Carlos	Quilometraxe, peaxes, aparcamento e indemnización por asistencia a xornada sobre nóminas na Coruña o 22/11/2017 e quilometraxe polas xestións de tesourería realizadas durante o período 13/11/2017-24/11/2017
Liquidación		106,25	Pereiras Caldelas Mercedes	Indemnización e gastos de transporte pola asistencia aos cursos TEDeC-Procedimentos e TEDeC-Xestión Órganos Colexiados, organizados pola Deputación Provincial na Coruña os días 13 e 20/11/2017
Liquidación		86,20	Canedo de la Torre María	Indemnización e gastos de transporte por asistencia aos cursos TEDeC-Procedimentos e TEDeC-Integración con outras Plataformas organizados pola Deputación Provincial na Coruña os días 13 e 27/11/2017
Liquidación		61,90	Crespo Souto Vanessa	Indemnización, aparcamento e gastos de transporte por asistencia a xornada de formación-reforzo do SIR no proxecto de administración electrónica organizada pola Deputación Provincial na Coruña o día 17/11/2017
Liquidación		128,30	Aldrey Pereira Ana María	Quilometraxe, axudas de custo e indemnización por asistencia a curso sobre intervención social grupal e comunitaria, celebrado na EGAP en Santiago os días 14, 15 e 16/11/2017
Liquidación		33,53	Uzal Rey Ana	Quilometraxe polas xestións de Técnico de Turismo realizadas no período do 11/10/2017 ao 14/11/2017

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.